

## NORMATIVA DE EXENCIÓN DE DOCENCIA. FACULTADE DE DEREITO

(Aprobada pola Xunta de Facultade na súa sesión ordinaria do 29 de marzo de 2016)

### Exposición de motivos:

A Universidade de Santiago de Compostela é unha Universidade presencial. Xa que logo, as exencións de docencia deben ter carácter excepcional, principio de excepcionalidade que, xunto coa conveniencia dun proceso áxil que resolva, nun prazo breve e de modo definitivo, as solicitudes de exención de docencia, informan a presente normativa da Facultade de Dereito da USC.

#### Art. 1. Causas.

1. A exención de docencia pode ser concedida por motivos de saúde, familiares, laborais, e outros de natureza análoga ós anteriores, que dificulten gravemente, ou imposibiliten, a asistencia ás actividades docentes ordinarias dunha ou varias materias, e sempre que a situación non se poida solucionar cun cambio de quenda. En todo caso, os motivos alegados teñen que ser debidamente acreditados polo solicitante coa documentación correspondente.
2. Non se considerarán causas xustificativas da exención de docencia aquelas condicións previas á matrícula, e que non supoñan unha situación de excepcionalidade, ou de dificultade imprevista, tales como a distancia dende o lugar de residencia ou a existencia dunha actividade laboral previa.

#### Art. 2. Prazos e forma.


1. O prazo xeral para solicitar a exención de docencia será de quince días dende o remate do período ordinario de matrícula establecido pola USC.

Excepcionalmente, cando as causas que xustifican a exención de docencia sexan sobrevidas, a solicitude deberá presentarse no prazo de quince días dende a aparición da causa que se alega.

2. As solicitudes de exención de docencia presentaranse na secretaría administrativa do Decanato da Facultade de Dereito, mediante impreso normalizado a descargar na páxina web do centro.

#### Art. 3. Efectos.

1. A concesión de exención de docencia suporá a substitución das actividades académicas que esixen a presenza física do alumnado na aula, por outra ou



outras actividades que o/a docente estime oportunas para suplir aquelas, tales como a realización de traballos académicos. Esas actividades conformarán un réxime específico para este alumnado, e deberán reflectirse claramente nos programas das materias baixo o título: “Réxime para o alumnado con exención de docencia”.

2. O alumnado con exención de docencia poderá optar ás máximas cualificacións da materia ou materias exentas de docencia.

Art. 4. Órgano competente.

O Decano resolverá as solicitudes de exención de docencia consonte á proposta da Comisión de Docencia e Calidade da Facultade de Dereito.

Art. 5. Resolución.

1. As solicitudes de exención de docencia serán resoltas no prazo máximo de quince días dende a finalización do prazo xeral de solicitude, ou excepcionalmente, dende a data de presentación da mesma. No caso de denegación, a resolución será motivada.
2. A resolución publicarase no taboleiro de anuncios da Facultade de Dereito e seralle comunicada ao interesado/a así como ao Departamento responsable da docencia, co fin de que a mesma sexa posta en coñecemento do profesor/a correspondente.
3. O silencio administrativo polo transcurso do prazo de quince días sen resolución expresa terá efectos estimatorios da solicitude.

Art. 6. Recurso.

Contra a resolución denegatoria o/a interesado/a poderá interpoñer recurso de alzada ante o Reitor, no praza dun mes dende o día seguinte ao da súa notificación.

Disposición Final.

Única. Entrada en vigor.

A presente normativa entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web da Facultade de Dereito.

